

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de decembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
D. José Manuel Fernández Pérez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e dez minutos horas do día tres de decembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1435).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1436).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. DE CASTRELOS ENTRE AVDA. PORTANET E CLARA CAMPOAMOR. EXPTE. 2590/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03.12.14, da secretaria da Mesa de Contratación que di o seguinte:

“A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de decembro de 2014 as 14.00 horas, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

3.- Propostas de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da Avda de Castrelos entre Avda Portanet e Clara Campoamor (expediente 2590-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 14-11-2014, 17-11-2014, 24-11-2014, 26-11-2014 e 02-12-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento de datas 20-11-2014, 21-11-2014, 25-11-2014, 01-12-2014 e 02-12-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Propoñer a exclusión de COPCISA, S.A., do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da Avda. de Castrelos entre Avda. Portanet e Clara Campoamor por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da Avda de Castrelos entre Avda Portanet e Clara Campoamor" (expediente 2590-440), no seguinte orde decrecente:

	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1	Oreco, S.A.	91,10
2	Prace, servicios y obras, S.A.	91,07
3	UTE Acevi, S.L. - Iglesias.	90,75
4	Construcciones Vales, S.L.	87,11
5	Stradia Infraestructuras, S.L.	85,60
6	Abilleira, Construcciones y Proyectos Avanzados.	85,37
7	Extraco, S.A.	83,08
8	Construccións, Obras e Viais, S.A.	82,72
9	Oresa, S.A.	81,79
10	Construcciones Orega, S.L.	78,80
11	Narom, S.L.	77,91
12	Excavaciones y obras melchor, S.L.	77,25
13	Unika, Proyectos y Obras, SAU.	75,35
14	Desmaco, S.L.	72,77
15	Construcciones Ramirez, SLU.	63,77
16	Hordescon, S.L.	58,90
17	Emergis Construcción, S.L.	56,93
18	Movimiento de áridos y construcciones Arosa, S.L.	54,82
19	Arias Hermanos construcciones, S.A.	54,43
20	Obras y construcciones Dios, S.A.	53,35

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 681,96 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

3(1437).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO. EXPTE. 2591/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03.12.14, da secretaria da Mesa de Contratación que di o seguinte:

“A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de decembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

cl

4.- Propostas de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ramón Nieto” (expediente 2591-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 14-11-2014, 17-11-2014, 24-11-2014, 26-11-2014, 27-11-2014 e 02-12-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento e do enxeñeiro técnico de obras públicas de 21-11-2014, e do xefe de Area de Fomento de 26-11-2014, 01-12-2014 e 02-12-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Propoñer a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ramón Nieto” de COPCISA, S.A., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ramón Nieto” (expediente 2591-440), no seguinte orde decrecente:

	LICITADOR	PUNTOS
1	UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.- MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	97,51
2	ORECO, S.A.	89,23
3	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	84,43
4	CIVISGLOBAL, S.L.	84,27
5	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	84,15
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	79,53
7	ORESA, S.L.	78,52
8	HORDESCON, S.L.	74,44
9	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONTRUCCIONES AROSA, S.L.	66,46
10	CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A.	36,26

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.- MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 668,04 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

4(1438).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA REFORMA NA CUBERTA NO PAVILLÓN DE TEIS. EXPTE. 13429/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03/12/14, da secretaria da Mesa de Contratación que di o seguinte:

“A Mesa de Contratación celebrada o 3 de decembro de 2014, entre outros, acordou:

3.- Propostas de clasificación.

- a)** *Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da cuberta do pavillón de Teis. (expediente 13429-333).*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 28-11-2014, 02-12-2014 e 03-12-2014 dos informes do xefe de Area de Fomento e o director deportivo do IMD 01-12—2014 e o informe director deportivo do IMD de 03-12-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da cuberta do pabillón de Teis. (expediente 13429-333), no seguinte orde decrecente:

1.- Construcciones y Promociones Abilleira, S.L. 96,50 puntos.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Construcciones y Promociones Abilleira, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 672,66 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

5(1439).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO- FASE 1. EXPTE. 2619/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03/12/14, do secretario da Mesa de Contratación que di o seguinte:

"A Mesa de Contratación celebrada o 3 de decembro de 2014, entre outros, acordou:

- a) Procedemento aberto para a contratación das obras da rúa Rosalía de Castro Fase 1. (expediente 2619-440).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 14-11-2014, 17-11-2014, 21-11-2014, 24-11-2014, 26-11-2014, 27-11-2014, 02-12-2014 e 03-12-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento de 20-11-2014, 21-11-2014, 26-11-2014 e 03-12-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación das obras da rúa Rosalía de Castro Fase 1. (expediente 2619-440), no seguinte orde decrecente:

1	ORECO, S.A.	93,07
2	COPCISA, S.A.	87,77
3	PETROLAM, A VEIGA, S.L.	85,31
4	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	84,86
5	UTE UNIKA, PROYECTOS Y OBRAS, SAU. - OVIGA.	84,79
6	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	82,23
7	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA – OGMIOS PROYECTO, S.L.	81,69
8	CIVISGLOBAL, S.L.	81,68
9	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	80,75
10	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	77,42
11	EXTRACO, S.A.	76,87
12	UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU – FERROVIAL AGROMAN, S.A.	75,89
13	DESMACO, S.L.	75,52
14	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, SLU.	75,46
15	DRAGADOS, S.A.	74,07
16	ORESA, S.A.	73,26
17	CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.	72,86
18	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.	71,57
19	HORDESCON, S.L.	52,68
20	ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A.	46,73
21	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	41,56
22	EMERGIS CONSTRUCCION, S.L.	35,32
23	ARCEBANSA, S.A.	28,87

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 695,88 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

6(1440).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2015. EXPTE. 5541/335.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03/12/14, da secretaria da Mesa de Contratación, fiscalizado así mesmo o 03/12/14, que di o seguinte:

“A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de decembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

4.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento negociado con publicidade para a contratación do deseño e produción das carrozas para a Cabalgata de reis 2015 (expediente 5541-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do deseño e produción das carrozas para a Cabalgata de reis 2015 (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 7 de novembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento negociado con publicidade para a contratación

do deseño e produción das carrozas para a Cabalgata de reis 2015 (expediente 5541-335), no seguinte orde decrecente:

1. LA FIESTA ESCÉNICA, S.L.: 87 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LA FIESTA ESCÉNICA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 10 de novembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 19 de novembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada polo licitador na sesión da Mesa de data 20 de novembro de 2014, se comproba que non axunta a póliza do seguro de responsabilidade civil, polo que se acorda requirirlle a súa presentación.

Cuarto.- En data 28 de novembro de 2014, o licitador presenta a póliza do seguro de responsabilidade civil. Se revisa a mesma na sesión da Mesa de Contratación de data 2 de decembro de 2014. Comprobado que a documentación é correcta, a mesa acorda propoñer a adxudicación do presente procedemento ó órgano de contratación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Á vista dos informes da xefa do servizo de Festas, de datas 14-10-2014 e 29-10-2014, valorando as materias obxecto de negociación e establecendo a puntuación final respectivamente, a oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por LA FIESTA ESCÉNICA, S.L., único licitador no presente procedemento. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a LA FIESTA ESCÉNICA, S.L, o procedemento negociado con publicidade para a contratación do deseño e produción das carrozas para a Cabalgata de reis 2015 (expediente 5541-335) por un prezo de 47.492,50 euros (IVE engadido).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

7(1441).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN E TRANSPORTE DOS DESPRAZAMENTOS DOS ESCOLARES DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL “VIGO POR DENTRO COÑECE A TÚA CIDADE”. EXPTE. 16213/332. Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03/12/14, da secretaria da Mesa de Contratación, fiscalizado así mesmo o 03/12/14, que di o seguinte:

“A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de decembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

4.- Propostas de adxudicación

- a) *Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e transporte dos desprazamentos dos escolares do programa educativo municipal “Vigo por dentro coñece a túa cidade” (expediente 16213-332)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e transporte dos desprazamentos dos escolares do programa educativo municipal “Vigo por dentro coñece a túa cidade” (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 14 de novembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta a Xunta de Goberno da seguinte exclusión acordada pola Mesa de Contratación celebrada o 24-10-2014:

- *AUTOCARES LA FLORIDA S.L.: por incluír no sobre B datos que tiñan que incluírse no sobre C.*

“Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e transporte dos desprazamentos dos escolares do programa educativo municipal “Vigo por dentro coñece a túa cidade”. (expediente 16213-332).., no seguinte orde decrecente:

1. *AUTOS GONZALEZ , S.L. 98,25 puntos.*
2. *VIAJES MELYTOUR, S..L. ,84,33 puntos.*
3. *ÁLVAREZ VÁZQUEZ , S.L. 81,63 puntos*
4. *VDA. J. DOMÍNGUEZ, S.L. 64,02 puntos.*

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AUTOS GONZALEZ , S.L para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 14 a) das FEC e seguro obrigatorio de vehículos de viaxeiros.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 631,16 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 14 de novembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 25 de novembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 27 de novembro, se observa que:

- *Prestan un aval como garantía definitiva por importe de 5.720 euros, sendo así que a garantía definitiva debería ser de 6.825 euros.*
- *A póliza do seguro de responsabilidade civil que presentan venceu en data 31 de decembro de 2013 e non aportan xustificación da súa renovación.*

- *A cantidade asegurada en concepto de responsabilidade civil é de 50 millóns de euros e no apartado 14.A da FEC do PCAP se esixe un seguro responsabilidade civil ilimitado que cubra a totalidade dos transportados (alumnado e profesorado).*

Á vista destas circunstancias, a mesa, por unanimidade dos membros asistentes á presente sesión, acorda conceder o citado licitador un prazo de tres días hábiles para que complete a garantía definitiva e presente unha póliza de seguro de respectivamente civil pola contía esixida no apartado 14.A da FEC do PCAP. Este acordo lle foi notificado en data 27 de novembro de 2014.

Cuarto.- En data 1 de decembro de 2014, o licitador presenta a documentación requirida. Con respecto á contía de póliza de seguros axunta unha Resolución da Dirección General de Transportes por Carretera do Ministerio de Fomento, de data 16 de xuño de 2003, sobre o cumprimento da obriga de ter cuberta a responsabilidade civil de forma ilimitada polos titulares de autorizaciones de transporte que di que “Se considera que quienes tengan cubierta su responsabilidad civil por los daños que pueda sufrir el viajero o usuario de la actividad auxiliar y complementaria del transporte de que se trate hasta un límite máximo de 50 millones de euros, cumplen de hecho la exigencia de tener cubierta dicha responsabilidad sin limitación alguna en el ámbito del transporte por carretera”.

Quinto.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de Contratación de data 2 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Á vista dos informes do técnico medio de actividades culturais e deportivas de datas 28-10-2014 e 06-11-2014, valorando os criterios non avaliados mediante fórmula e avaliados mediante fórmula e establecendo a puntuación final respectivamente, a oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AUTOS GONZALEZ, S.L. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a AUTOS GONZÁLEZ, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e transporte dos desprazamentos dos escolares do programa educativo municipal “Vigo por dentro coñece a túa cidade” (expediente 16213-332) por un prezo unitario de 88 euros (IVE engadido). Oferta como prestación adicional que os cinco vehículos necesarios para a prestación do servizo estean dotados de cintos de seguridade.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

8(1442).- PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE, PROGRAMA DE TRABALLO, PLAN DE CALIDADE E PLAN DE XESTIÓN DE RESÍDUOS DAS OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA.- LOTE 1, REFORMA CAMPO DE FÚTBOL TRAVESAS. EXPTE. 13592/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03/12/14, do xefe da Unidade Técnica do IMD, asinado xuridicamente polo secretario de Admon. Municipal e conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

“1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras de “CONTRATACIÓN POR LOTES DAS OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA”. EXPTE. 13166/333.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de “OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA”. EXPTE. 13166/333-lote 1 campo de fútbol de As Travesas, a favor da mercantil C.D. INDEPO, S.L., por un prezo total de 159.100,48 euros (IVE engadido).

Con data 13/11/2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación do lote 1-obras campo de fútbol de As Travesas, coa mercantil C.D. INDEPO, S.L.

A Xunta de Goberno Local, na sesión e urxente do 24 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou o nomear a D. Miguel Porras Gestido con DNI 36106078B, Arquitecto Colexiado nº 2543 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, como Director Facultativo para as OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA”. EXPTE. 13166/333.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 24 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou o nomear a D. Enrique Alonso Baspino con DNI 35973146L Aparellador Colexiado nº UR 148 do Colexio de Aparelladores de Galicia, como Coordinador de Seguridade e Saúde para as OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que "cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato".

O artigo 7 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, establece no punto 2.) que:

- O plan de seguridade e saúde deberá ser aprobado antes do inicio da obra, polo coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra.
- No caso de obras das Administracións públicas, o plan, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra, elevarase para a súa aprobación á Administración pública que adxudicase a obra.

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-, define no punto 4, da cláusula 1), que entre as funcións do director facultativo atópanse as de:

- Aprobar o plan de xestión de residuos presentado polo contratista e propor a súa aceptación ó órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.
- Aprobar o plan de traballo, presentado polo contratista e propor a súa aceptación ó órgano de contratación.

Así mesmo no punto 5, da cláusula 1) do PCAP, entre as funcións do Coordinador de Seguridade atopase a de:

- Informar o plan de seguridade e saúde presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación.

En base o exposto, a aprobación dos plans de seguridade e saúde previo informe favorable do Coordinador de Seguridade e Saude, e o programa de traballo, así como os plans de xestión de residuos, e de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación o citado expediente a mercantil C.D. INDEPO, S.L., como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- Plan de xestión de residuos presentado polo adxudicatario con data 27/11/2014.
- Plan de seguridade e saúde presentado polo adxudicatario con data 27/11/2014.

- Plan de control de calidade presentado polo adxudicatario con data 28/11/2014.
- Plan de traballo presentado polo adxudicatario con data 1/12/14.

Os citados documentos se anexan a este expediente 13592-333.

A dirección facultativa formada por D. Miguel Porras Gestido, de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 24 de novembro de 2014, informa de conformidade os seguintes documentos presentados pola mercantil C.D. INDEPO, S.L.:

- Plan de xestión de residuos presentado polo adxudicatario con data 27/11/2014, que conta con informe favorable de data 27/11/2014.
- Plan de calidade presentado polo adxudicatario con data 28/11/2014, que conta con informe favorable de data 2/12/2014
- Plan de traballo presentado polo adxudicatario con data 1/12/2014, que conta con informe favorable de data 1/12/2014

Con data 27/11/2014 o coordinador de seguridade e saúde D. Enrique Alonso Baspino, de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 24 de novembro de 2014, informa de conformidade o Plan de seguridade e saúde presentado pola mercantil con data 27/11/2014.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación dos plans de seguridade e saúde de acordo o informe favorable do Coordinador de Seguridade e Saúde, e así mesmo procede a aprobación dos plans de xestión de residuos, e de calidade, que contan co informe favorable da dirección facultativa.

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de organo de contratación a aprobación das seguintes propostas:

Primeiro: aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola mercantil C.D. INDEPO, S.L. con data 27/11/2014 e de acordo co informe favorable de data 27/11/2014 asinados por D. Enrique Alonso Baspino, como coordinador de seguridade e saúde nomeado para as OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 1 campo de fútbol de As Travesas.

Segundo: aprobar o plan de calidade, presentado pola mercantil C.D. INDEPO, S.L., con data 28/11/2014 e de acordo co informe favorable ao mesmo de data 2/12/2014 asinados por D. Miguel Porras Gestido, como director facultativo nomeado para as OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 1 campo de fútbol de As Travesas.

Terceiro: aprobar o plan de traballo, presentado pola mercantil C.D. INDEPO, S.L., con data 1/12/2014 e de acordo co informe favorable ao mesmo de data 1/12/2014 asinados por D. Miguel Porras Gestido, como director facultativo nomeado para as OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 1 campo de fútbol de As Travesas.

Cuarto: dar conta do Plan de xestión de residuos, presentados pola mercantil C.D. INDEPO, S.L., con data 27/11/2014 e co informe favorable de data 27/11/2014 asinado por D. Miguel Porras Gestido, como director facultativo nomeado para as OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 1 campo de fútbol de As Travesas.

Quinto: do presente acordo darase traslado a empresa adxudicataria das OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 1 campo de fútbol de As Travesas, C.D. INDEPO, S.L.."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

9(1443).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, PROGRAMA DE TRABALLO, PLAN DE CALIDADE E PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA.- LOTE 2 CAMPO DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NA ETEA. EXPTE. 13166/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD e xefe da Unidade Técnica, do 2.12.14, conformado polo secretario da Administración municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras de "CONTRATACIÓN POR LOTES DAS OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de "OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 2 campo de fútbol de ETEA, a favor da mercantil UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U, por un prezo total de 362.694,10 euros (IVE engadido).

Con data 13/11/2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación do lote 2-obras campo de fútbol da ETEA, coa mercantil UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.

A Xunta de Goberno Local, na sesión e urxente do 24 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou o nomear a D. Miguel Porras Gestido con DNI 36106078B, Arquitecto Colexiado nº 2543 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, como Director Facultativo para as OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 24 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou o nomear a D. Enrique Alonso Baspino con DNI 35973146L Aparellador Colexiado nº UR 148 do Colexio de Aparelladores de Galicia, como Coordinador de Seguridade e Saúde para as OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que “cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato”.

O artigo 7 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, establece no punto 2.) que:

- O plan de seguridade e saúde deberá ser aprobado antes do inicio da obra, polo coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra.
- No caso de obras das Administracións públicas, o plan, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra, elevarase para a súa aprobación á Administración pública que adxudicase a obra.

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA”. EXPTE. 13166/333-, define no punto 4, da cláusula 1), que entre as funcións do director facultativo atopanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación.
- Aprobar o plan de xestión de residuos presentado polo contratista e propor a súa aceptación ó órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.

Así mesmo no punto 5, da cláusula 1) do PCAP, entre as funcións do Coordinador de Seguridade atópase a de:

- Informar o plan de seguridade e saúde presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación.

En base o exposto, a aprobación dos plans de seguridade e saúde previo informe favorable do Coordinador de Seguridade e Saude, e o programa de traballo, así como os plans de xestión de residuos, e de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación o citado expediente a mercantil UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- Plan de xestión de residuos presentado polo adxudicatario con data 26/11/2014.
- Plan de seguridade e saúde presentado polo adxudicatario con data 25/11/2014.
- Plan de control de calidade presentado polo adxudicatario con data 27/11/2014.
- programa de traballo presentado polo adxudicatario con data 28/11/2014.

Os citados documentos se anexan o expediente de contratación 13166-333.

A dirección facultativa formada por D. Miguel Porras Gestido, de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 24 de novembro de 2014, informa de conformidade os seguintes documentos presentados pola mercantil UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.:

- Programa de traballo presentado polo adxudicatario con data 28/11/2014, que conta con informe favorable de data 28/11/2014.
- Plan de xestión de residuos presentado polo adxudicatario con data 26/11/2014, que conta con informe favorable de data 26/11/2014.
- Plan de calidade presentado polo adxudicatario con data 27/11/2014, que conta con informe favorable de data 27/12/2014

Con data 27/11/2014 o coordinador de seguridade e saúde D. Enrique Alonso Baspino, de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 24 de novembro de 2014, informa de conformidade o Plan de seguridade e saúde presentado pola mercantil con data 25/11/2014.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación dos plans de seguridade e saúde de acordo co informe favorable do Coordinador de Seguridade e Saúde, e así mesmo procede a aprobación do programa de traballo, así como os plans de xestión de residuos, e de calidade, que conta co informe favorable da dirección facultativa.

Polo exposto PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de organo de contratación a aprobación das seguintes propostas:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola mercantil UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U con data 25/11/2014 e de acordo co informe favorable de data 27/11/2014 asinados por D. Enrique Alonso Baspino, como coordinador de seguridade e saúde nomeado para das OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 2 campo de fútbol da ETEA.

Segundo: Aprobar o programa de traballo e o plan de calidade, presentados pola mercantil UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U con data 27 e 28/11/2014 e de acordo co informe favorable os mesmos de data 27-28/11/2014 asinados por D. Miguel Porras Gestido, como director facultativo nomeado para as OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 2 campo de fútbol da ETEA.

Terceiro: Dar conta do Plan de xestión de residuos, presentados pola mercantil UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. con data 26/11/2014 e co informe favorable de data 26/11/2014 asinado por D. Miguel Porras Gestido, como director facultativo nomeado para as OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 2 campo de fútbol da ETEA.

Cuarto: Do presente acordo darase traslado a empresa adxudicataria das OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 2 campo de fútbol da ETEA, MONDO IBÉRICA, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1444).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA.- LOTE 3 REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL. EXPTE. 13166/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD e xefe da Unidade Técnica, do 2.12.14, conformado polo secretario da Administración municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras de "CONTRATACIÓN POR LOTES DAS OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de "OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 3 campo de fútbol de Samil, a favor da mercantil MONDO IBÉRICA, S.A., por un prezo total de 183.300 euros (IVE engadido).

Con data 13/11/2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación do lote 3 campo de fútbol de Samil, coa mercantil MONDO IBÉRICA, S.A.

A Xunta de Goberno Local, na sesión e urxente do 24 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou o nomear a D. Miguel Porras Gestido con DNI 36106078B, Arquitecto Colexiado nº 2543 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, como Director Facultativo para as OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 24 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou o nomear a D. Enrique Alonso Baspino con DNI 35973146L Aparellador Colexiado nº UR 148 do Colexio de Aparelladores de Galicia, como Coordinador de Seguridade e Saúde para as OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que "cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato".

O artigo 7 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, establece no punto 2.) que:

- O plan de seguridade e saúde deberá ser aprobado antes do inicio da obra, polo coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra.
- No caso de obras das Administracións públicas, o plan, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra, elevarase para a súa aprobación á Administración pública que adxudicase a obra.

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-, define no punto 4, da clausula 1), que entre as funcións do director facultativo atopanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación.
- Aprobar o plan de xestión de residuos presentado polo contratista e propor a súa aceptación ó órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.

Así mesmo no punto 5, da clausula 1) do PCAP, entre as funcións do Coordinador de Seguridade atopase a de:

- Informar o plan de seguridade e saúde presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación.

En base o exposto, a aprobación dos plans de seguridade e saúde previo informe favorable do Coordinador de Seguridade e Saude, e o programa de traballo, así como os plans de xestión de residuos, e de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación o citado expediente a mercantil MONDO IBÉRICA, S.A. como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- Plan de xestión de residuos presentado polo adxudicatario con data 21/11/2014.
- Plan de seguridade e saúde presentado polo adxudicatario con data 27/11/2014.

Os citados documentos se anexan o expediente de contratación 13166-333.

Con data 26/11/2014 a dirección facultativa formada por D. Miguel Porras Gestido, de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 24 de novembro de 2014, informa de conformidade os seguintes documentos presentados pola mercantil MONDO IBÉRICA, S.A.:

- Plan de xestión de residuos presentado polo adxudicatario con data 21/11/2014.

Con data 27/11/2014 o coordinador de seguridade e saude D. Enrique Alonso Baspino, de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 24 de novembro de 2014, informa de conformidade o Plan de seguridade e saúde presentado pola mercantil MONDO IBÉRICA, S.A. con data 27/11/2014.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación do plan de seguridade e saúde de acordo o informe favorable do coordinador de Seguridade e Saúde e así mesmo procede dar conta do plan de xestión de residuos, que conta co informe favorable da dirección facultativa.

Polo exposto PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de organo de contratación a aprobación das seguintes propostas:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola mercantil MONDO IBÉRICA, S.A. con data 27/11/2014 e de acordo co informe favorable de data 27/11/2014 asinados por D. Enrique Alonso Baspino, como coordinador de seguridade e saúde nomeado para das OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 3 campo de fútbol de Samil.

Segundo: Dar conta do Plan de xestión de residuos, presentados pola mercantil MONDO IBÉRICA, S.A. con data 21/11/2014 e co informe favorable de data 26/11/2014 asinado por D. Miguel Porras Gestido, como director facultativo nomeado para as OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 3 campo de fútbol de Samil

Cuarto: Do presente acordo darase traslado a empresas adxudicataria das OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 3 campo de fútbol de Samil, MONDO IBÉRICA, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1445).- PLAN DE TRABAJO DAS OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA.- LOTE 3 REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL. EXPTE. 13594/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD e xefe da Unidade Técnica, do 2.12.14, conformado polo secretario da Administración municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras de "CONTRATACIÓN POR LOTES DAS OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de "OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 3 campo de fútbol de Samil, a favor da mercantil MONDO IBÉRICA, S.A., por un prezo total de 183.300 euros (IVE engadido).

Con data 13/11/2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación do lote 3 campo de fútbol de Samil, coa mercantil MONDO IBÉRICA, S.A.

A Xunta de Goberno Local, na sesión e urxente do 24 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou o nomear a D. Miguel Porras Gestido con DNI 36106078B, Arquitecto Colexiado nº 2543 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, como Director Facultativo para as OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 24 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou o nomear a D. Enrique Alonso Baspino con DNI 35973146L Aparellador Colexiado nº UR 148 do Colexio de Aparelladores de Galicia, como Coordinador de Seguridade e Saúde para as OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que "cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato".

O artigo 7 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, establece no punto 2.) que:

- O plan de seguridade e saúde deberá ser aprobado antes do inicio da obra, polo coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra.
- No caso de obras das Administracións públicas, o plan, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra, elevarase para a súa aprobación á Administración pública que adxudicase a obra.

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-, define no punto 4, da cláusula 1), que entre as funcións do director facultativo atopanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación.
- Aprobar o plan de xestión de residuos presentado polo contratista e propor a súa aceptación ó órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.

Así mesmo no punto 5, da cláusula 1) do PCAP, entre as funcións do Coordinador de Seguridade atopase a de:

- Informar o plan de seguridade e saúde presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación.

En base o exposto, a aprobación dos plans de seguridade e saúde previo informe favorable do Coordinador de Seguridade e Saude, e o programa de traballo, así como os plans de xestión de residuos, e de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación o citado expediente a mercantil MONDO IBÉRICA, S.A. como adxudicataria da execución das obras presenta os seguinte documento:

- Plan de traballo presentado polo adxudicatario con data 2/12/2014.

Os citado documento únese ao presente expediente 13594-333.

Con data 2/12/2014 a dirección facultativa formada por D. Miguel Porras Gestido, de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 24 de novembro de 2014, informa de conformidade o seguinte documento presentado pola mercantil MONDO IBÉRICA, S.A.:

- Plan de traballo presentado polo adxudicatario con data 2/12/2014.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación do plan de traballo de acordo o informe favorable do director facultativo.

Polo exposto PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de organo de contratación a aprobación das seguintes propostas:

Primeiro: aprobar o plan de traballo presentado pola mercantil MONDO IBÉRICA, S.A. con data 2/12/2014 e de acordo co informe favorable de data 2/12/2014 asinado por Miguel Porras Gestido como director facultativo nomeado para das OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 3 campo de fútbol de Samil.

Segundo: do presente acordo darase traslado a empresas adxudicataria das OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA". EXPTE. 13166/333-lote 3 campo de fútbol de Samil, MONDO IBÉRICA, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1446).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, PROGRAMA DE TRABALLO E PLAN DE XESTIÓN E RESIDUOS E DE CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS DE CONSOLIDACIÓN DE CIMENTACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 10267/255.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 3.12.14, conformado pola concelleira da Área de Medio Ambiente e Xuventude, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 8 de xullo de 2014, acordou aprobar o "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CONSOLIDACIÓN DE CIMENTACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS DO CONCELLO DE VIGO", redactado polos arquitectos

municipais da Oficina de Obras e Proxectos da Xerencia Municipal de Urbanismo, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luís Piñeiro Ferradás, en data en data 23/10/2013, anexo aclaratorio de data 07/07/2014, cun orzamento xeral ou de contrata de 116.408,72 euros. EXPTE. 10235/255.

2.- A Xunta de Goberno Local na sesión do 29 de agosto de 2014, acordou aprobar o expediente de contratación das obras do "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CONSOLIDACIÓN DE CIMENTACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS DO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 10267/255.

3.- A Xunta de Goberno Local na sesión do 28 de novembro de 2014, acordou a adxudicación, na forma de procedemento aberto e trámite urgente, da contratación das obras do "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CONSOLIDACIÓN DE CIMENTACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS DO CONCELLO DE VIGO" (EXPTE. 10267/255), a favor da U.T.E. ACEVI, S.L-GPD CONSTRUCCIONES, S.A por un prezo de 89.355,87 euros (IVE engadido).

4.- Mediante escritura pública outorgada en data 1 de decembro de 2014, ante o notario de Pontevedra, D. José Manuel Gómez Varela, ó número 2.036 do seu protocolo, as entidade Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L. (ACEVI, S.L.) e Planificación, Desarrollo y Gestión de Construcciones, S.A. (GPD Construcciones, S.A.), fundaron e constituíron unha unión temporal de empresas co nome de "ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. Y PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 8/1.982 DE 26 DE MAYO", abreviadamente, "UTE CEMENTERIO DE TEIS".

5.- En data 2/12/2014, formalizouse o contrato en documento administrativo.

6.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 8 de xullo de 2014 e acordou nomear ós arquitectos municipais da Oficina de Obras e Proxectos da Xerencia Municipal de Urbanismo, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, directores facultativos da obra do PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CONSOLIDACIÓN DE CIMENTACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS DO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 10235/255.

7.- A Xunta de Goberno Local na sesión do 28 de novembro de 2014, acordou nomear como coordinadores de seguridade e saúde da "OBRA DE CONSOLIDACIÓN DE CIMENTACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS DO CONCELLO DE VIGO" ós arquitectos da Xerencia Municipal de Urbanismo, DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO e JUAN LUÍS PIÑEIRO FERRADÁS, que a súa vez son os autores do proxecto de obra e directores facultativos desta segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 08/07/2014.

II.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que "cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato".

O artigo 7 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, establece no punto 2.) que:

- O plan de seguridade e saúde deberá ser aprobado antes do inicio da obra, polo coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra.
- No caso de obras das Administracións públicas, o plan, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra, elevarase para a súa aprobación á Administración pública que adxudicase a obra.

O PCAP que rexe o contratado das obras de “CONSOLIDACIÓN DE CIMENTACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS DO CONCELLO DE VIGO”, EXPTE. 10267/255, define no punto 4, da cláusula 1), que entre as funcións do director facultativo atópanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación.
- Aprobar o plan de xestión de residuos presentado polo contratista e propor a súa aceptación ó órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento deste.

Tamén no punto 5, da clausula 1) do PCAP, entre as funcións do Coordinador de Seguridade atopase a de:

- Informar o plan de seguridade e saúde presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación.

En base o exposto, a aprobación dos plans de seguridade e saúde previo informe favorable do Coordinador de Seguridade e Saúde, e o programa de traballo, así como os plans de xestión de residuos, e de control de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

III.- Proposta:

En relación o citado expediente de contratación a U.T.E. Cementerio de Teis, como adxudicataria da execución das obras presentou no Rexistro Xeral do Concello en data 02/12/2014 (doc. 140146891) os seguintes documentos:

- Programa de traballo (plan de obra)
- Plan de xestión de residuos
- Plan de control de calidade
- Plan de seguridade e saúde

Os citados documentos engadíronse ó expediente de contratación 10267/255.

Con data do 2/12/2014 os directores facultativos da obra, don David Carvajal Rodríguez-Cadarso e don Juan Luis Piñeiro Ferradás, segundo nomeamento acordado pola Xunta de Goberno Local de data 8 de xullo de 2014, informaron de conformidade os seguintes documentos presentados pola U.T.E. Cementerio de Teis no Rexistro Xeral do Concello do 02/12/14. :

- Programa de traballo (plan de obra)
- Plan de xestión de residuos
- Plan de control de calidade

Con data 2/12/2014 os coordinadores de seguridade e saúde don David Carvajal Rodríguez-Cadarso e don Juan Luis Piñeiro Ferradás, segundo nomeamento que acordou a Xunta de Goberno Local en sesión de data 28 de novembro de 2014, informaron de conformidade o Plan de seguridade e saúde presentado pola U.T.E. Cementerio de Teis con data 02/12/2014.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación do plan de seguridade e saúde de acordo co informe favorable dos Coordinadores de Seguridade e Saúde, e tamén procede a aprobación do programa de traballo e de control de calidade, que conta co informe favorable da dirección facultativa, así como aceptar o plan de xestión que conta co informe favorable de aprobación da dirección facultativa.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación do Concello de Vigo ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 3, do TRLCSP aprobado por RDL 3/2011, de 14 de novembro, a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola U.T.E. "ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. Y PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 8/1.982 DE 26 DE MAYO", abreviadamente, "UTE CEMENTERIO DE TEIS", con data 2/12/2014 e de acordo co informe favorable da mesma data, asinado por don David Carvajal Rodríguez-Cadarso e don Juan Luis Piñeiro Ferradás, como coordinadores de seguridade e saúde nomeados para as obras de "CONSOLIDACIÓN DE CIMENTACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS DO CONCELLO DE VIGO", EXPTE. 10267/255.

Segundo: Aprobar o programa de traballo (plan de obra) e o plan de control de calidade, presentados pola U.T.E. "ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. Y PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 8/1.982 DE 26 DE MAYO", abreviadamente, "UTE CEMENTERIO DE TEIS", con data 2/12/2014 e de acordo co informe favorable da mesma data asinado por don David Carvajal Rodríguez-Cadarso e don Juan Luis Piñeiro Ferradás, como directores facultativos nomeados para as obras de "CONSOLIDACIÓN DE CIMENTACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS DO CONCELLO DE VIGO", EXPTE. 10267/255.

Terceiro: Aceptar o Plan de xestión de residuos, presentado pola U.T.E. "ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. Y PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 8/1.982 DE 26 DE MAYO", abreviadamente, "UTE CEMENTERIO DE TEIS", con data 2/12/2014 e co informe favorable de aprobación da mesma data, asinado por don David Carvajal Rodríguez-Cadarso e don Juan Luis Piñeiro Ferradás, como directores facultativos nomeados para as obras de "CONSOLIDACIÓN DE CIMENTACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS DO CONCELLO DE VIGO", EXPTE. 10267/255.

Cuarto: Do presente acordo darase traslado á U.T.E. "ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. Y PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 8/1.982 DE 26 DE MAYO", abreviadamente, "UTE CEMENTERIO DE TEIS", , adxudicataria das obras de "CONSOLIDACIÓN DE CIMENTACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS DO CONCELLO DE VIGO", EXPTE. 10267/255 e ós directos facultativos, coordinadores de seguridade e saúde, na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1447).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN AVDA. GARCÍA BARBÓN. FASE 1. EXPTE. 2762/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 1.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 1.12.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

*Obra: "RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN AVDA. GARCÍA BARBÓN, FASE 1)". Expte. 2566/440.
Localidade e situación: RÚA GARCÍA BARBÓN.
Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.
Autor/a do proxecto: D. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ (GALAICONTROL).
Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.
Contratista titular do plan: AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.
Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ (GALAICONTROL).
Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. MIGUEL PAYÁ GONZÁLEZ.
Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. REBECA GALIÑANES FERNÁNDEZ (PROYEGAL).
Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: MIGUEL PAYÁ GONZÁLEZ (FCC-AQUALIA UTE VIGO).*

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN AVDA. GARCÍA BARBÓN, FASE 1".*
- 2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1448).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS DE MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN DIVERSOS ACCESOS, RÚAS E CAMIÑOS DE VIGO. EXPTE. 2763/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 3.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 3.12.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Obra: " MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: ACCESO AO PAVILLÓN MUNICIPAL DE CORUXO E NO CAMIÑO GÁNDARA-CORUXO; SAN COSME-ZAMÁNS; AVDA. ATLÁNTIDA-ALCABRE; RÚA ENTRADA Á Balsa-MATAMÁ; RÚA BRAVO-NAVIA; CAMIÑO OIA E CAMIÑO ROZO-OIA; RÚA EIRA VELLA-SAIÁNS; SUBIDA Á ROLA-SAN ROQUE; ESTRADA MARCO-SÁRDOMA; E CAMIÑO PINGUELA-VALLADARES". Expte. 2504/440.

Localidade e situación: ACCESO AO PAVILLÓN MUNICIPAL DE CORUXO E NO CAMIÑO GÁNDARA-CORUXO; SAN COSME-ZAMÁNS; AVDA. ATLÁNTIDA-ALCABRE; RÚA ENTRADA Á Balsa-MATAMÁ; RÚA BRAVO-NAVIA; CAMIÑO OIA E CAMIÑO ROZO-OIA; RÚA EIRA VELLA-SAIÁNS; SUBIDA Á ROLA-SAN ROQUE; ESTRADA MARCO-SÁRDOMA; E CAMIÑO PINGUELA-VALLADARES.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D^a. MARÍA FERREIRO NÚÑEZ (I.C.C.P.).

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. JORJE MUÑOZ RAMA.

Contratista titular do plan: COPCISA, SA.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D^a. MARÍA FERREIRO NÚÑEZ (I.C.C.P.).

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. VICENTE PICOS GARCÍA (COPCISA, SA.).

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. OSCAR PEREIRO TAIBO (CSM. GESTIÓN DE SEGURIDAD EN CONSTRUCCIÓN, SL.).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: COPCISA, SA.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: ACCESO AO PAVILLÓN MUNICIPAL DE CORUXO E NO CAMIÑO GÁNDARA-CORUXO; SAN COSME-ZAMÁNS; AVDA. ATLÁNTIDA-ALCABRE; RÚA ENTRADA Á Balsa-MATAMÁ; RÚA BRAVO-NAVIA; CAMIÑO OIA E CAMIÑO ROZO-OIA; RÚA EIRA VELLA-SAIÁNS; SUBIDA Á ROLA-SAN ROQUE; ESTRADA MARCO-SÁRDOMA; E CAMIÑO PINGUELA-VALLADARES".*
- 2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria COPCISA, SA., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1449).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA ALONSO OJEDA EN TEIS”. EXPTE. 2765/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 3.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 3.12.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Obra: “HUMANIZACIÓN DA RÚA ALONSO OJEDA EN TEIS”. Expte. 2490/440.

Localidade e situación: RÚA ALONSO OJEDA.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN e D^a BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ (PETTRA, SL.).

Dirección facultativa: D. JUAN AGUIRRE RODRÍGUEZ, D. JUAN HANSEN GARCÍA.

Contratista titular do plan: XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN e D^a BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ (PETTRA, SL.).

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: (XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL.).

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D^a. REBECA GALIÑANES FERNÁNDEZ (PROYEGAL INGENIERÍA, SL.).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL..

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilita-dos á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PRO-POSTA:

- 1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra “HUMANIZACIÓN DA RÚA ALONSO OJEDA EN TEIS”.*

2. *Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1450).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS “HUMANIZACIÓN DE PRAZA NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO, ENTRE O CÑO. DOS MEDEIROS E O CÑO. SOBREIRO”. EXPTE. 2764/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 3.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 3.12.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Obra: “HUMANIZACIÓN PRAZA NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO, ENTRE O CAMIÑO DOS MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO”. Expte. 2517/440.

Localidade e situación: RÚA MARTÍNEZ GARRIDO.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D^a. TRINIDAD LÓPEZ GARCÍA (I.C.C.P.).

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.

Contratista titular do plan: UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D^a. TRINIDAD LÓPEZ GARCÍA (I.C.C.P.).

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. CÁNDIDO LÓPEZ (UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU.).

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. OSCAR PEREIRO TAIBO (CSM. GESTIÓN DE SEGURIDAD EN CONSTRUCCIÓN, SL.).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propoer a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propoer a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "HUMANIZACIÓN PRAZA NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO, ENTRE O CAMIÑO DOS MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO".*
- 2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1451).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA ALONSO OJEDA EN TEIS E CUSTOS ASOCIADOS. EXPTE. 2777/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.11.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 27.11.14, asinado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Antecedentes

I.-A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 13 de novembro de 2014, previo informe técnico do enxeñeiro municipal de data 7 de novembro de 2014 e orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento de data 11 de novembro de 2014, acordou encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e

Saneamento de Auga a redacción do Proxecto para a "Renovación da rede de saneamento na rúa Alonso Ojeda en Teis".

II.-En cumprimento de dito acordo o 25 de novembro de 2014, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA-FCC" - no sucesivo a Concesionaria- presentou proxecto redactado polo enxeñeiro industrial da consultoría de enxeñería "ESINPRO", D^o Casimiro Fontenla Bugallo cun orzamento de 93.046,46 euros, IVE excluído.

III.-Con data 25 de novembro de 2014, a Concesionaria presenta detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 3.905,61 euros, IVE excluído.

Fundamentos Xurídicos

Primeiro.- O acordo sobre prórroga da concesión administrativa da xestión integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento da Auga adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de novembro de 2011, contiña o compromiso da Concesionaria de levar a cabo un plan de investimentos valorado por anualidades. No mesmo se contemplaba que as actuacións derivadas do mesmo se concretarían nos proxectos técnicos que se consideren de urxencia e execución inaprazable, acordados pola Xunta de Goberno Local previo informe dos servizos técnicos municipais, co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento. Dentro dos investimentos a realizar na anualidade de 2014, encomendouse á Concesionaria a redacción do presente proxecto.

Para garantir un nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 8 de marzo de 2013, aprobou un protocolo de control das obras inherentes aos distintos plans de investimentos da concesión. Por isto, sen perxuízo de encomendar á Concesionaria a redacción do proxecto, prevé que o mesmo sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local (a proposta da súa dirección técnica, que deberá contar co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento), que será tamén quen ordee á Concesionaria a inclusión da actuación no plan de investimentos e a tramitación do expediente de contratación.

Segundo.- O proxecto técnico constitúe un elemento esencial no contrato de obras en canto define o obxecto do mesmo. Neste caso o obxecto son as obras de renovación das redes de saneamento na rúa Alonso Ojeda. O prazo estimado para a execución das obras é de 1 mes.

O artigo 123 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) determina o contido obrigatorio dos proxectos. Ao respecto, consta no expediente informe favorable da oficina de supervisión de proxectos emitido polo enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, o 25 de novembro de 2014, no que indica que a documentación do proxecto está completa, tendo en conta as disposicións xerais de carácter legal así como a normativa técnica de aplicación. Ao expediente debe incorporarse o replanteo do proxecto unha vez aprobado o mesmo.

Terceiro.- Respecto aos prezos das unidades de obra, a Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de marzo de 2013 aprobou o cadro de prezos ao que quedan suxeitos a elaboración dos orzamentos que conformen os proxectos que se executen no plan de investimentos asociados á prórroga.

No informe técnico de supervisión do proxecto emitido polo referido enxeñeiro municipal en data 25 de novembro de 2014 consta que os prezos unitarios incluídos no proxecto son adecuados

para a execución do contrato, e se axustan ao referido cadro de prezos e tamén aos prezos xerais do mercado.

Cuarto.- Respecto aos custos asociados ao proxecto presentados pola Concesionaria, consta no expediente informe do enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, de data 25 de novembro de 2014, indicando que as porcentaxes relativas aos honorarios dos traballos de redacción de proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde respecto do PEM do proxecto correspóndense cos ratios que utiliza a Área de Fomento aprobados pola Xunta de Goberno Local o 8 de marzo de 2013.

Quinto.- Previamente a someter o proxecto á Xunta de Goberno Local o mesmo debe ser remitido á Intervención municipal, en cumprimento do previsto no artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o proxecto – que inclúe memoria, planos e presuposto- para executa-las obras de RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA ALONSO OJEDA EN TEIS por un importe total de 93.046,46 euros (IVE excluído), con cargo ao Plan de Investimentos recollido no acordo de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Segundo.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 3.905,61 euros con exclusión do IVE, de acordo co seguinte detalle:

<i>Custe asociado</i>	<i>Responsable do traballo</i>	<i>Honorarios</i>
<i>Redacción de proxecto</i>	<i>ESINPRO</i>	<i>1.563,81 €</i>
<i>Asistencia técnica á D.O.</i>	<i>ESINPRO</i>	<i>1.563,81 €</i>
<i>Coordinación de seguridade e saúde</i>	<i>PROYEGAL</i>	<i>390,95 €</i>
	<i>SUMA</i>	<i>3.518,57 €</i>
	<i>11% Gastos de Xestión</i>	<i>387,04 €</i>
	<i>TOTAL (IVE excluído)</i>	<i>3.905,61 €</i>

Terceiro.- O presente acordo notifíquese a Aqualia-FCC da forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.